

## **NOTA DE PRENSA**

# **Terapeutas dos programas de atención psicolóxica en violencia de xénero actualizan o protocolo de intervención**

---

*Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017* - Mañá sábado 4 de febreiro, os 107 psicólogos e psicólogas que integran a rede dos programas de atención psicolóxica especializada no ámbito da violencia de xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia participarán nunha xornada co obxectivo de revisar distintos aspectos relacionados co funcionamento destes servizos.

O Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, así como o programa Abramos o Círculo, dirixido a homes sen condena que desexan erradicar as condutas agresivas nas súas relacións familiares e coa súa parella, son os dous servizos gratuítos que ofrece o COPG a través un convenio coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia. Estes programas permiten abordar de xeito integral esta grave problemática social que permanece tan vixente na sociedade actual; non son recursos paliativos senón que buscan erradicar o problema definitivamente.

Na xornada formativa interna de mañá búscase tratar distintas cuestións habituais nas intervencións co obxectivo de ofrecer un mellor servizo ás persoas usuarias destes programas. Por unha banda, Eva Rodríguez López, policía especialista da Unidade Familia Muller (UFAM) de Ourense, explicará cal é a intervención no ámbito da violencia de xénero desde as Forzas e Corpos de Seguridade.

A seguir, a avogada Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG, exporá diferentes cuestións, problemáticas e dúbidas que presentaron os e as terapeutas relacionadas co funcionamento dos programas. Finalmente, Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó, responsables da coordinación do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e de Abramos o Círculo, respectivamente, exporán os datos anuais co balance do servizo ofrecido desde ambos os servizos e abordarán cuestións cos psicólogos e psicólogas dos programas, relativas á experiencia e ás intervencións levadas a cabo ao longo deste ano, co obxectivo de mellorar a atención prestada.

Esta xornada desenvolverase na mañá do sábado 4 de febreiro no salón de actos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e forma parte do programa formativo anual que é de obrigado cumprimento para as psicólogas e psicólogos que integran esta rede.

**Atención psicolóxica especializada**

Os programas que vén desenvolvendo o Colexio Oficial de Psicoloxía buscan ofrecer uns recursos especializados de elevada calidade para evitar a agresividade na parella e abordando a problemática da violencia de xeito integral, para que tanto o agresor como a vítima saian da espiral na que están inmersos e non recaian en situacións semellantes.

Abramos o Círculo é un programa que ofrece atención psicolóxica especializada e de apoio a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, ao que recorren voluntariamente homes que desexan mudar esta situación e eliminar a agresividade na súa relación coa familia e en especial, coa súa muller. A través deste programa, un total de 71 terapeutas ofrecen información e tamén atención psicolóxica personalizada con dous obxectivos. Por unha banda, previr a violencia de xénero, e pola outra, ofrecer atención e terapia a aqueles homes que queiran aprender a resolver conflitos sen violencia, e a comunicarse dun xeito máis adecuado coa súa familia, e en particular, coa súa parella.

O segundo dos programas que se recolle neste convenio é o de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Cento cinco terapeutas por toda Galicia constitúen unha rede amplísima de asistencia que pode atender en menos de 48 horas a calquera muller que o solicite na súa localidade, e ao igual que no anterior programa, coa vantaxe de acudir gratuitamente a un despacho privado que non a identifica como vítima de violencia de xénero e que lle garante a privacidade.

**Saúdos,**

**Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:**

Eliana Martíns:

981 534 049 / 699 908 968 / [comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)